



Concello de Portomarín

BANDO

**Don JUAN CARLOS SERRANO LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO).**

FAI SABER:

Tras a situación de alerta sanitaria por Covid-19 e a inestabilidade social e económica que se está a producir en atención a persoas e familias; con especial mención a aquelas que están a padecer as consecuencias de expedientes de regulación de emprego “ERTES” encontrámonos ante unha situación que precisa de unha inmediata resposta ante a situación de vulnerabilidade e de necesidade sobre a cobertura das necesidades básicas de persoas e familias. Por iste motivo, este concello pon en marcha **unha axuda de emerxencia social en forma de “vales de alimentos”** co obxecto de garantir a adquisición de produtos de primeira necesidade; tales como alimentos e produtos de hixiene persoal mentras perdure o estado de alarma.

- **Modalidade da axuda:** Estableceráanse dúas modalidades de vales.
 - Para unidades de convivencia formadas por unha ou dúas persoas: vale de 60 euros de forma quincenal.
 - Para unidades de convivencia formadas por tres ou máis membros: vale de 80 euros á semana.

- **Persoas beneficiarias:** Persoas que se encontren nunha situación de vulnerabilidade e carezan de recursos económicos tras a situación da crise sanitaria, previa valoración das técnicas dos servizos sociais municipais.

- **Requisitos das persoas solicitantes:** Ser maior de idade, estar empadroados no concello de Portomarín ó menos dende 6 meses anteriores á solicitude e non dispoñer de ingresos económicos suficientes de forma acreditada.
Máis información sobre os requisitos e a documentación a presentar nos Servizos Sociais Municipais.

- **Lugar e prazo de solicitudes:** A través de cita previa nos S.Sociais Municipais.
Tlfno.- 638 25 65 17. Luns-Venres: 09:00-14:00. Prazo: a partir do día martes 21 de abril de 2020.

Asinado electrónicamente á marxe da páxina

O ALCALDE

